

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 2 de setembro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dous de setembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(845).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 2 de agosto, ordinaria e extraordinaria e urxente do 5 de agosto e extraordinarias e urxentes do 9, 12, 17 e 19 de agosto de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(846).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 11.08.16, DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA, POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2016. EXPTE. 41568/512.**

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, do 11.08.16, que di o seguinte:

*No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral,*

*De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos, de data 11 de agosto de 2016*

**RESOLVO:**

*1. APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2016 por importe de 63.601.446,46 € (SESENTA E TRES MILLÓNS SEISCENTOS UN MIL CATRO-CENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E SEISTE CÉNTIMOS) que consta de 200.486 inscricións de BENS DE NATUREZA URBANA por importe de 61.252.717,53 € segundo relación que comeza por FERNANDEZ DIZ JOSE LUIS e remata por AQUALIA Y FCC UTE VIGO e de 743 inscricións de BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS por importe de 2.348.728,93 € segundo relación comeza por AENA AEROPUERTOS SA. e remata por AQUALIA Y FCC UTE VIGO."*

*2. Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.*

*3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**3(847).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 11.08.16, DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA, POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2016. EXPTE.48935/516.**

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, do 11.08.16, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral),

De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos de 09 de agosto de 2016,

RESOLVO:

1.- **APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS** do Municipio de Vigo para o ano 2016 por importe total 12.689.161,23€ dos que 11.393.309,30€ corresponden á cota municipal e 1.295.851,93€ ao recargo provincial, que contén 3.832 inscricións, segundo relación que comeza por "A CASTELO SL" e remata por "ZUNIBAL, SL".

2.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza Fiscal Xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **4(848).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA "I TRAVESÍA A NADO VIGO-RÍAS BAIXAS", O VINDEIRO 4 DE SETEMBRO DE 2016. EXPTE. 15215/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 30.08.16, asinado polo Coordinador Deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

##### **1.- ANTECEDENTES:**

A entidade ao Club Natación Vigo-Rias Baixas, con CIF (G36827079), solicitou o día 29-04-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160054758), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: I TRAVESIA A NADO VIGO-RIAS BAIXAS
- Data: 4 DE SETEMBRO DE 2016
- Horario: DE 09.00H A 16.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 4 de setembro de 2016, as probas se levarán a cabo na praia de Rios-Etea, nun horario comprendido entre as 9.00h e as 16.00h

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Medio Ambiente*
- *Limpeza*
- *Protección Civil*

*Ao respecto informaron favorablemente os seguintes organismos:*

- *Puerto de Vigo*
- *Capitanía Marítima de Vigo*
- *Servicio Provincial de Costas de Pontevedra*

## **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.*

## **3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar ao Club Natación Vigo-Rias Baixas, con CIF (G36827079), a organizar a proba deportiva denominada I TRAVESIA A NADO VIGO-RIAS BAIXAS o vindeiro domingo 4 de setembro de 2016, a Travesía se desenvolverá na praia de Rios-Etea. A proba comezará ás 09.00h e rematará ás 16.00h*

## **Acordo**

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

## **5(849).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES PARA O ANO 2016. EXPTE. 7089/224.**

*Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.08.16, dáse conta do informe-proposta do 30.08.16, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada da Área, o concelleiro de Orzamentos e Facenda e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:*

*A Xunta de Goberno Local do día 6/05/2016 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da concellería de Igualdade para o ano 2016. A cantidade máxima destinada a este programa é de 81.100,00€ (oitenta unha mil cen euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 "Subvencións da Concellería de Igualdade", e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente.*

*A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e o extracto da convocatoria publicouse no Boletín Oficial da Provincia o día 23/05/2016, rematando o prazo para presentar solicitudes o día 13 de xuño.*

*No Rexistro Xeral do Concello de Vigo recibíronse 54 solicitudes presentadas no prazo estipulado. A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Ás entidades que presentaron unha documentación incompleta, requiríuselles para completar a documentación ou subsanar as deficiencias no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente sen máis trámite consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

*Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D<sup>a</sup> Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D<sup>a</sup> Ana García Barrio, técnica municipal de igualdade e D<sup>a</sup> Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 9 de agosto de 2016 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. (Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión).*

*En cumprimento do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.*

*En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*"1º.- Conceder, con cargo á partida "Subvencións" 2311.4890000 e bolsa de vinculación xurídica do vixente orzamento, as subvencións ás entidades para os programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2016 dentro do "Programa específico de subvencións da concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres", por un importe total de setenta e cinco mil setecentos cincoenta e seis euros con dezasete céntimos (75.756,17€); constando no anexo I que se achega, a relación de entidades, proxectos e axudas concedidas.*

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instructor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa:

Segundo o estipulado na Base Sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base Quinta.

Logo do estudo da documentación que acompaña ás 54 solicitudes a Comisión de Avaliación acorda desestimar as seguintes entidades polos motivos que se indican a continuación:

a) Por non cumprir o requisito de que a entidade se atope debidamente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitudes (apartado 1b) da Base Quinta).

- Entidade “Asociación Empresarias de Galicia” con CIF: G27826999
- Entidade “Asociación Cultural da Vila de Bouzas” con CIF: G27832856

b) Porque a xuízo da Comisión de Valoración o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvencións con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición está incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo. (apartado 2b) da Base Quinta) e porque o proxecto non reúne as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia nons e axusta aos obxectivos da convocatoria. (apartado 2g) da Base Quinta)

- Entidade “Club Gamboa”. G36812535. Proxecto: “ Conferencias semanais”

c) Por non acadar a puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1 de dita base Sétima, polo que de acordo co establecido na mesma base e no punto 2j) da Base Quinta, estes proxectos non serán subvencionables, xa que de non chegar a esta puntuación indica unha mala definición e calidade do proxecto presentado;

- “Asociación Mulleres en Igualdade de Vigo” G27712306 para o proxecto: “Reincorporación á vida social e laboral de mulleres en risco de exclusión social”.

- “Asociación Benéfica Beiramar de Vigo” G36634608 para o proxecto: “É posible a armonía e o equilibrio” .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: RELACION DE ENTIDADES, PROXECTOS e CONTÍA DAS AXUDAS SOLICITADAS. CONCELLERÍA DE IGUALDADE. EXERCICIO 2016

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	NOME DO PROGRAMA:	1.Calidad técnica, coherencia e viabilidade do proxecto. Max 10 puntos	2.Incorporación do enfoque xénero. Max. 10 puntos	3. Impacto, sostenibilidade e innovación. Max. 10 puntos	4.Recolliida de accións do PIOM. Max. 10 puntos	5.Implicación no proxecto doutras entidades e sectores. Max 5 puntos	6. Traxectoria da entidade e grao implicación nas accións da Concellería. Max.10 puntos	7.Participación no Consello da Muller. Max. 5 puntos	8. Compromiso do emprego lingua galega. Max. 4 puntos	Puntos concedidos	Custo do proxecto	Contía solicitada	Contía concedida
G15773013	Asoc. Marcha Mundial das Mulleres	MMM: Re-rendicando Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	10	4	5	5	5,00	10	0	0	39,00	2.636,00	1.446,00	1.446,00
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	V Premio de microrrelatos "Mulleres Progresistas"	14	6	2,5	2	0,00	10	5	0	39,50	1.850,00	1.850,00	1.850,00
G36657336	Asoc. Mulleres Progresistas	As plagas e as enfermidades do xardín	12	2	7,5	4	0,00	10	5	0	40,50	2.500,00	2.500,00	2.226,69
G36810752	Asoc. Mulleres Xestas	Ximnasia e relaxación para vivir mellor	12	0	2,5	1	0,00	10	0	0	25,50	2.605,00	1.400,00	1.400,00
G36662971	Asoc. Mulleres Lua de Bembive	Psiconutrición-Aprende a comer coa cabeza	10	0	2,5	1	0,00	10	5	0	28,50	5.000,00	3.500,00	1.566,93
G36821817	Asoc. Amas de casa e consumo Agarimo	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos	14	0	2,5	1	0,00	10	0	0	27,50	1.800,00	1.800,00	1.511,95
G36929646	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos	Corpo e consciencia	14	5	2,5	4	0,00	10	4	0	39,50	1.954,50	1.954,50	1.954,50
G15383011	Unión Xeral de Traballadores Vigo UGT	X4 Encontro Sindical da Muller	12	7	7,5	7	2,50	10	5	4	55,00	5.000,00	5.000,00	3.023,90
G15103112	CCOO Unión Comarcal de Vigo	X4 Encontro Sindical da Muller	12	7	7,5	7	2,50	10	5	4	55,00	5.000,00	5.000,00	3.023,90
G36706927	Confederación Intersindical Galega CIG	Escola de empoderamento	12	7	5	7	2,50	10	5	0	48,50	2.750,00	2.750,00	2.666,53
G36648640	AVC e Deportiva de San Miguel de Oia	Actividades de promoción da muller:mantemento físico	10	0	2,5	1	0,00	10	0	0	23,50	6.000,00	3.000,00	1.292,03
G36632081	A VV de Beade AVCU-CSCR	As plagas e as enfermidades do xardín	14	0	2,5	1	0,00	10	0	0	27,50	1.732,20	1.532,20	1.511,95
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Tapizar- Reciclar	14	0	2,5	1	0,00	10	0	0	27,50	1.080,00	680,00	680,00
G36623593	AVV Monte da Mina de Castrelos	Rest-arte e decoración con materiais de derribo	12	0	2,5	1	0,00	10	0	0	25,50	2.911,00	2.911,00	1.401,99
G36709004	AV Doutor Fleming	Empezo por min	10	0	2,5	1	0,00	10	0	0	23,50	5.867,00	2.600,00	1.292,03
G36648988	AVCD San Xurxo de Saíáns Vigo	Curso de habilidades para o desenvolvemento persoal e profesional para mulleres	12	0	2,5	1	0,00	10	0	0	25,50	1.149,00	1.049,00	1.049,00
G36617082	CCAR de Valladares	Ócupate, consérvate e divírete. Teñámonos en conta.	16	2	2,5	1	0,00	10	0	4	35,50	2.200,00	2.200,00	1.951,79
G36631703	SVCD Nautilius San Andrés de Comesaña	Curso de pintura	10	0	2,5	1	0,00	6	0	0	19,50	1.620,00	1.620,00	1.072,11
G36648293	A VV do Calvario	Curso Informática-Internet	14	0	2,5	1	0,00	10	0	0	27,50	2.500,00	1.500,00	1.500,00
G36633428	SCRD Helios	Ximnasia de mantemento Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	12	2	2,5	1	0,00	10	0	0	27,50	1.795,70	1.795,70	1.511,95
V36658680	CRC de Cabral	Mantén en forma o estado físico e mental (Pilates)	14	6	2,5	2	0,00	10	0	0	34,50	1.850,00	1.850,00	1.850,00
G36659894	AVV de San Roque	Plan muller en Coruxo 2016	10	0	2,5	1	0,00	6	0	0	19,50	4.000,00	4.000,00	1.072,11
G36627495	Asoc. CRA e Cultural de Coruxo	Psiconutrición: Aprende a comer coa cabeza	12	2	2,5	1	0,00	10	0	0	27,50	8.180,00	7.130,00	1.511,95
V36655017	A VV Fonte do Galo	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	14	0	2,5	1	0,00	6	0	0	23,50	1.800,00	1.600,00	1.292,03
G36684991	A VV As Fontes de Lavadores	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	14	6	2,5	2	0,00	4	0	0	28,50	1.850,00	1.850,00	1.566,93
G36649325	A VV de Sárdoma O Carballo	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	14	6	2,5	2	0,00	10	0	0	34,50	1.850,00	1.850,00	1.850,00
G36648996	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavía	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	14	6	2,5	2	0,00	6	0	0	30,50	1.850,00	1.850,00	1.676,89
G36842284	A VV Praza da Miñoica	Crear fogar – Ideas decorativas	12	0	2,5	1	0,00	6	0	0	21,50	1.815,00	1.650,00	1.182,07
G36729796	A VV Cabral Feira	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	14	6	2,5	2	0,00	2	0	0	26,50	1.850,00	1.850,00	1.456,97
G36640985	A VV As Nosas Rúas de Vigo	Adestra e recupera a túa memoria	14	0	2,5	1	0,00	4	0	0	21,50	1.800,00	1.800,00	1.182,07
G36633618	AVCD Lavadores	Iniciación o Patronaxe Industrial	10	2	2,5	1	0,00	10	0	0	25,50	2.400,00	2.400,00	1.401,99
G36654184	A VV O Freixo	Restaurar-arte e decoración con materiais de derribo	12	0	2,5	1	0	10	0	0	25,50	2.647,00	2.647,00	1.401,99
G27771195	A Veciñal Novo Vigo	Escola de empoderamento	12	4	2,5	3	0	2	0	0	23,50	1.670,00	1.100,00	1.100,00
G36654036	A VV San Pedro de Matamá La Unión	Alfabetización Informática e Navegación en Internet (nivel II)	14	0	2,5	1	0	10	0	0	27,50	1.850,00	1.850,00	1.511,95
G36622835	Asoc. de Persoas Sordas de Vigo	X Edición: O empoderamento das mulleres sordas	12	6	2,5	3	0	6	0	0	29,50	1.020,00	1.020,00	1.020,00
G36697324	Down Vigo. Asoc. Síndrome de Down	Muller 2016: Educación para a saúde	16	4	2,5	3	2,5	10	0	0	38,00	6.440,14	3.000,00	2.089,24
G36621290	Casa de Andalucía en Vigo	A vida en parella é cousa de dous	14	4	2,5	3	0	10	0	0	33,50	2.520,00	1.110,00	1.110,00
G27718907	Asoc. Nós Mesmas	Semana cultural Orgullo LGTBI Vigo 2016	16	6	7,5	5	2,5	6	0	0	43,00	6.104,00	2.141,00	2.141,00
G28197564	Asoc. Española contra o Cancro	Vitalia e Prevención e Sensibilización	10	4	2,5	3	0	4	0	0	23,50	4.250,00	1.500,00	1.292,03
G27728658	Asoc. Faraxa pola abolición da prostitución	Apoio ó asociacionismo de Faraxa nas redes sociais e consolidación na cidadanía de Vigo	12	2,5	7,5	3	0	4	0	0	29,00	5.500,00	5.000,00	1.594,42
G35103431	Radio Eccla Fundación Canaria	TEMPO 5ª Edición	12	2	5	3	0	4	0	0	26,00	3.000,00	3.000,00	1.429,48
G36820637	Asoc. Galega de Amigos del Rocío	Mellorar as capacidades psíquicas e motoras das asistentes mediante elaboración de manualidades creativas co reciclaxe	10	0	2,5	1	0	10	0	0	23,50	1.897,36	1.450,00	1.292,03
G27783950	Asociación Diversidades	Am drepturi	12	6	2,5	2	0	2	0	0	24,50	3.080,00	3.000,00	1.347,01
G36627453	Asociación Viguesa de Alcohoxía: ASVIDAL	Constrúe II	14	6	2,5	2	0	10	0	0	34,50	1.420,00	1.420,00	1.420,00
G36044295	Asociación de Ayuda al enfermo mental	Empoderamento da muller en saúde mental	12	6	2,5	3	0	0	0	0	23,50	3.652,05	3.000,00	1.292,03
G27814821	Asociación cultural Blanco Nájera	Implantación de plans de igualdade en ámbitos socioprofesionais	12	4	2,5	5	0	0	0	0	23,50	2.080,00	2.080,00	1.292,03
G36838464	Asoc. Implicadas no Desenvolvemento	Cómic para a igualdade	12	4	5	4	0	6	0	0	31,00	5.445,00	4.420,00	1.704,38
G15220577	Asoc. Galega de Hemofilia Agadhemo	Igualemos: xornada formativa para mulleres portadoras de hemofilia e con enfermidades coagulopáticas	16	2	2,5	2	0	0	0	4	26,50	873,00	873,00	873,00
G27745397	Fundación para a pesca e o marisqueo FUNDAMAR	Mulleres do Mar de Vigo	14	6	5	5	0	0	0	4	34,00	14.766,30	14.766,30	1.869,32
	<b>TOTAL</b>										<b>1475,00</b>			<b>75.756,17</b>

**6(850).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE E GASTOS RELACIONADOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 7404/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.07.16 e o informe de fiscalización do 18.08.16, dáse conta do informe-proposta 18.07.16, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado da Área, e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*Con data 07/07/2016, D. Alberto Gonçalves Herrero, en calidade de secretario comarcal da Unión Comarcal da CIG de Vigo (CIF- G-36706927), e actuando na súa representación, achegou solicitude para a tramitación dun convenio de colaboración entre a referida entidade e a Concellería de Participación Cidadá, para o fomento das súas actividades para o 2016, que se concretará na axuda ao seu financiamento así como, dos gastos de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre os meses de xaneiro a outubro do ano que andamos.*

*Segundo consta na certificación do Secretario de Organización da Unión Comarcal de Vigo de data 30 de xuño de 2016, a persoa responsable, en representación da central sindical para a sinatura do convenio é D. Alberto Gonçalves Herrero.*

**COMPETENCIA MUNICIPAL**

*Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.*

*O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*

*Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha*



*nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade*

*de coadxudar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:*

- *Ano 2015: expte. 7140/320*
- *Ano 2014: expte. 6726/320*
- *Ano 2013: expte. 6306/320*
- *Ano 2012: expte. 5792/320*
- *Ano 2011: expte. 5213/320*
- *Ano 2010: expte. 4693/320*
- *Ano 2009: expte. 4354/320*
- *Ano 2008: expte. 3394/320*
- *Ano 2007: expte. 3197/320*
- *Ano 2004/2006: expte. 2306/320*
- *Ano 1999/2003: expte. 1085/320*

#### **RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO**

*A concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerese polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38<sup>a</sup>.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:*

- *determinación do obxecto da subvención*
- *réxime xurídico aplicable*
- *beneficiarios e modalidade de axuda*
- *crédito orzamentario*
- *compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas*
- *prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago*

*Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á*

*normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).*

*No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.*

*Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.*

*Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complemente os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.*

#### **MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

*O artigo 22.2.c) da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en diante), contempla a concesión directa daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Coa formalización deste convenio, tratase de fomentar accións e políticas en defensa do dereito fundamental ao traballo, así como dos dereitos e intereses da clase traballadora en xeral, e de colectivos minoritarios ou marxinados, en particular, no marco do Estado Social e Democrático de Dereito, políticas de promoción e integración laboral e social, así como, aquelas outras orientadas ao pleno emprego e a unha distribución xeral e persoal equitativa, que garanta o progreso social e económico.*

*Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2016) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 09/12/2015, inclúe expresamente a partida 9240 4800006 “Convenio Confederación Intersindical Galega CIG”, cunha dotación de 15.000,00 €.*

*Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.*

*A beneficiaria figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co núm. 487/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 30/06/96.*

## OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2016, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados polas mesmas, realizados entre xaneiro e outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público, social e económico.

A Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, de conformidade co art. 6 dos Estatutos da CIG, basea a súa actuación nos obxectivos fixados no seu Programa, entre os que se encontran, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A mellora progresiva e xeral, individual e colectiva dos intereses dos/as traballadores/as, da propia organización e do conxunto da sociedade galega, das condicións laborais e da calidade de vida
- ✓ A profundación democrática e social constante co fin de achegarse a unha nova sociedade máis xusta e máis humana
- ✓ O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións
- ✓ Promover o máximo respecto á dignidade humana, a paz, a democracia, a xustiza social e a igualdade, así como, a aplicación da Declaración Universal de Dereitos Humanos, a través da acción colectiva dos/as traballadores/as
- ✓ A loita contra toda forma de racismo, xenofobia ou prexuízo e discriminación na sociedade en razón de xénero, estado civil, enfermidade, idade, lingua, relixión, opinión política, opción sexual, posición social ou económica, orixe étnica ou cultural
- ✓ Impulsar a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional das mulleres e da mocidade na sociedade, asegurando a igualdade de oportunidades e a ausencia de discriminacións
- ✓ Pular pola plena integración sociolaboral das persoas con discapacidades
- ✓ Promover as estruturas e accións necesarias para a plena integración na sociedade dos grupos máis desfavorecidos, co obxecto de eliminar as bolsas de extrema pobreza e marxinalidade
- ✓ Desenvolver políticas sobre a situación migratoria (...)

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2016) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 09/12/2015, inclúe expresamente a partida 9240 4800006 "Convenio Confederación Intersindical Galega - CIG", cunha dotación de 15.000,00 €.

## DOCUMENTACIÓN

A Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. *Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:*
  - *Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 01/06/16*
  - *Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 01/06/16*
  - *Seguridade Social, de data 01/06/16*
  - *Concello de Vigo, de data 26/04/16*
2. *Declaración responsable do secretario comarcal da entidade, de data 30/06/16, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.*

*Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:*

1. *Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).*
2. *Declaración responsable e autorización (anexo II).*
3. *Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).*
4. *Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.*
5. *Contrato de traballo temporal.*
6. *Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:*
  - a) *Fundamentación, obxectivos e metas*
  - b) *Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes*
  - c) *Lugar de realización*
  - d) *Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)*
  - e) *Recursos humanos e materiais*
  - f) *Sistemas de avaliación, etc.*
7. *Proxecto de actividades da entidade para o ano 2016, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, realizados entre os meses de xaneiro e outubro (ámbolos dous incluídos). O proxecto concreto de activi-*

*dades e o orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:*

<i>ACTIVIDADES 2016</i>	<i>ORZAMENTO GASTOS 2016 (XANEIRO-OUTUBRO)</i>	
<i>Servizo de atención cidadá</i>	<i>Gastos de persoal (salario e custes sociais)</i>	<i>11.383,50 €</i>
	<i>Subministro eléctrico do local</i>	<i>4.000,00 €</i>
	<i>Mantemento do local (Limpeza)</i>	<i>4.000,00 €</i>
<i>Xornadas formativas</i>	<i>Material funxible e publicitario</i>	<i>200,00 €</i>
<b>TOTAL</b>		<b><i>19.583,50 €</i></b>

*Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.*

#### **ANTICIPO**

*Non se contempla a posibilidade de anticipo.*

#### **PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO**

*En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.*

*Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2016, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/16 e o 31/10/16, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.*

*A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.*

*Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.*

*O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 2 de novembro de 2016.*

*A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.*

*A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 38.4 da Lei 30/92, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.*

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES16 2080 5127 613040000192 (ABANCA), segundo certificado bancario de data 31/05/2016.

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

#### NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

#### RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases

do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

## ACORDO

*PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida nominativa presupostaria nº 9240.4800006, denominada "Convenio Confederación Intersindical Galega - CIG", incluída no vixente orzamento municipal de 2016.*

*SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo (CIF.- G-36706927), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2016, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre os meses de xaneiro e outubro, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).*

*TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dítar e notificar resolución.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2016, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaseis*

### REUNIDOS

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811-J, en calidade de Secretario Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, con CIF: G-36706927 e*

*domicilio social na Rúa Gregorio Espino, 47- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7404/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### MANIFESTAN

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.*

*II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.*

*III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.*

*IV.- Que a entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, de conformidade co art. 6 dos Estatutos da CIG, basea a súa actuación nos obxectivos fixados no seu Programa, entre os que se encontran, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:*



- ✓ A profundización democrática e social constante co fin de achegarse a unha nova sociedade máis xusta e máis humana, sen explotación económica nin opresión política, calquera que sexa a forma na que estas se manifesten.
- ✓ O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións.
- ✓ Impulsar a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional das mulleres e da mocidade na sociedade.
- ✓ Promocionar iniciativas, estudos, programas e proxectos de carácter social, laboral, tecnolóxico, educativo e formativo, dirixidos a impulsar a integración social e laboral do conxunto dos traballadores e traballadoras.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 03/10/96, a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 489/06.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificadas para o ano 2016, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2016 segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo para o 2016, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

ACTIVIDADES 2016	ORZAMENTO GASTOS 2016 (XANEIRO-OUTUBRO)	
Servizo de atención cidadá	Gastos de persoal (salario e custes sociais)	11.383,50 €
	Subministro eléctrico do local	4.000,00 €
	Mantemento do local (Limpeza)	4.000,00 €
Xornadas formativas	Material funxible e publicitario	200,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>19.583,50 €</b>

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4800006, denominada "Convenio Confederación Intersindical Galega - CIG", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade entre o 01/01/16 ao 31/10/16,

*mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.*

*X.- Que a entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.*

*XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes:*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*
- 6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- 7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.*
- 8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*

10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240.4800006, denominada "Convenio Confederación Intersindical Galega - CIG", do vixente orzamento municipal (2016), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade comprendidas entre o 01/01/16 e o 31/10/16, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.
2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo.
3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as

*actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.*

*Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.*

*Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia*

*do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato para o 2016.*

*Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2016.*

*A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:*

*a) Solicitude de abono da subvención.*

*b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que*

*foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*

- *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente*
- *para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- *o IRPF ou o IS será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- *no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención*
- *cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- *cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

*f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi*

*practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

*- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

*h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, estará visible, durante a vixencia do convenio, cartel indicativo de que o Concello de Vigo colaborou no fomento das actividades da entidade levadas a cabo no 2016 entre xaneiro e outubro.*

*Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES16 2080 5127 613040000192 (ABANCA)*

*Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2016, no período comprendido entre o 01/01/16 e o 31/10/16.*

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se*

*conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo sétimo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

*Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2016, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2016.*

**7(851).- PROPOSTA PARA A CREACIÓN DUN FICHEIRO AUTOMATIZADO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DENOMINADO “CONTROL DE SEGURIDADE MEDIANTE VIDEOVIXILANCIA NA ARMERÍA, GALERÍA DE TIRO E CUARTO DE DETIDOS”. EXPTE. 48699/212.**

Dáse conta do informe-proposta de data 27.07.16, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, o intendente-xefe da Policía Local e o concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 2 de marzo de 2009, aprobou a creación do ficheiro automatizado de datos de carácter persoal denominado “ control de seguridade no edificio consistorial, mediante vixilancia no acceso aos garaxes dos corporativos e do persoal municipal, e as dependencias da xefatura da policía local, expte. 33902/212.*



*Dacordo coas previsións normativas o Acordo foi publicado no BOP (Nº 82-luns 4 de maio de 2009) e posteriormente notificado á Axencia Española de Protección de Datos para a súa inscrición no rexistro de ficheiros de titularidade pública.*

*Posteriormente, mediante Acordo do Concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, de 27 de abril de 2011, expte. 34693-212, autorizouse o gasto e a instalación de 6 cámaras máis: zona de armería (2), galería de tiro (2), acceso calabozo (1) e no acceso á galería (1).*

*Estas cámaras proxéctanse sobre espazos contiguos aos anteriores e captan determinadas actividades profesionais dos funcionarios de policía no manexo das armas de fogo e na custodia de detidos.*

*Non entanto, por causas que se descoñecen non se procedeu á modificación do ficheiro ou creación dun novo e, en calquer caso, á posterior notificación á AEPD.*

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

*Primeiro.- Do mandato contido no art. 40.2 da CE e do marco legal de desenvolvemento, especialmente a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o RD 2/2006, de 16 de xaneiro sobre prevención de riscos laborais na actividade dos funcionarios do Corpo Nacional de Policía, se derivan para esta administración a obriga de adoptar e aplicar efectivamente medidas de protección da saúde e seguridade do persoal o seu servizo, dar as debidas instrucións os traballadores e velar polo seu cumprimento.*

*Estas obrigas, no caso das actividades levadas a cabo na armería e galería de tiro, ten unha das concrecións no protocolo de seguridade coas armas de fogo, de obrigada observancia, pois do marco normativo antes resaltado tamén se derivan para os traballadores obrigas de cumprimento das medidas de prevención.*

*SEGUNDO.- A Constitución Española e a LO 2/1986, de 13 de marzo de FFCCS establecen obriga da administración de velar pola vida e integridade física das persoas detidas ou que se atopen baixo a súa custodia e respetar o seu honor e dignidade.*

*TERCEIRO.- A videovixiancia mediante cámaras que captan a imaxe dos usuarios nas instalacións obxecto de protección (funcionarios de policía principalmente, e detidos), constitúe unha inxerencia nos dereitos fundamentais recoñecidos nos arts. 18.1 e 18.4 da CE, que só se torna lexítima na medida en que sexa respetuosa co principio de proporcionalidade, consagrado explícitamente no Convenio Europeo de Dereitos Humanos e Libertades Fundamentais e que o noso TC fai derivar dos arts. 1.1, 9.3 e 10.1 da CE, constituindo unha esixencia común e constante para a constitucionalidade de calquer medida restrictiva de dereitos fundamentais (por todas STC 207/1996).*

*Na súa formulación pola consolidada doutrina do TC está conformado por 3 subprincipios: idoneidade, necesidade e proporcionalidade en sentido estricto.*

*A instalación das cámaras resulta idónea tanto para acentuar o cumprimento das normas, protocolos e instrucións impartidas respecto do manexo das armas e o tratamento, custodia e protección de detidos, así coma tamén para acadar por parte da administración unha mellor comprobación do cumprimento de ditas obrigas e da optimización dos bens os que sirven.*

Por outra banda, as cámaras que complementan a vixiancia persoal das actividades antes relacionadas, son o medio menos gravoso da esfera xurídica dos afectados para a obtención dos obxetivos antes descritos.

Por último, da medida obtéñense máis ventaxas que perxuízos para os bens en conflito en tanto en canto serve para unha maior comprobación e acicate do cumprimento de deberes que afectan a relevantes dereitos da esfera xurídica das persoas, como a seguridade e integridade física. Por outro banda, polos espazos nos que se proxecta a videovixiancia, non aptos nin destinados a comportamentos privados ou íntimos, senon profesionais, e que xa resultan vixiados de xeito presencial non ocasiona unha maior incidencia nos dereitos dos arts. 18.1 e 4 da CE

Cuarto.- A imaxe constitúe un dato de carácter persoal e o seu tratamento resulta sometido ás previsións da L.O. 15/1999 e normativa de desenvolvemento, especialmente o R.D. 1720/2007 e Instrucción 1/2006, de 8 de novembro da Axencia Española de Protección Datos.

Non precisa o consentemento dos afectados en canto que os datos se recollen para o exercicio de funcións propias, conforme ao art. 6.2 da L.O. 15/1999 en relación ao art. 5 da L.O. 2/1986 de FFCCS ( principios básicos de actuación: xerarquía, tratamento detidos e utilización das armas de fogo)

A creación do ficheiro, require Acordo de aprobación pola Xunta de Goberno Local, publicación no BOP e posterior notificación á AEPD.

En virtude de canto antecede, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

1º.- Crear na Concellería delegada de Seguridade e Mobilidade o ficheiro automatizado de datos de carácter persoal denominado “ Control de seguridade mediante videovixiancia na armería, galería de tiro e cuarto de detidos ”, regulado no Anexo.

As cámaras de videovixiancia e a súa distribución son as seguintes:

- Armería da Policía Local: dúas cámaras no interior.
- Galería de tiro: dúas cámaras na zona de práctica e outra nos accesos á mesma, na zona de limpeza das armas.
- Cuarto de detidos: unha cámara no interior e outra nos accesos.

2º.- A regulación e funcionamento do citado ficheiro axustarase ao disposto na L.O. 15/1999 e o seu desenvolvemento regulamentario polo R. D 1720/2007 e a Instrucción 1/2006 da Axencia Española de Protección de Datos.

3º.- O presente Acordo será publicado no BOP e notificado a Axencia Española de Protección de Datos a efectos da inscrición do ficheiro nos termos establecidos no art. 52 e ss do R. D. 1720/2007.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(852).- SOLICITUDE DE PERMUTA DE DONA ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 27842/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 24.08.16, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1. En escrito de data 18/03/2016 (documento nº 160036762) D<sup>a</sup> Ángela Fernández López, con nº de persoal 82.174, funcionaria de carreira do Concello de Vigo con praza de Técnico de Administración Xeral destinada no Servizo de Contratación, solicita lle sexa concedida permuta con D. Román Otero Ferreiro, con DNI 33.281.132-V, funcionario de carreira do Concello de Santiago de Compostela.

2. Consta informe administrativo de verificación de datos para a tramitación de permutas emitido en data 08/04/2016, do que resultan os datos seguintes:

**" I ANTECEDENTES**

*I. Con Rexistro de entrada de data 18/03/2016 (documento nº 160036762) dona Ángela Fernández López, con nº de persoal 82.174, funcionaria de carreira do Concello de Vigo, con praza de técnica da Administración xeral, Subgrupo A1 e posto de traballo de igual denominación, adscrita provisionalmente ao Servizo de Inspección de Tributos, solicita lle sexa concedida permuta con don Román Otero Ferreiro, con DNI 33.281.132-V, funcionario de carreira do Concello de Santiago de Compostela.*

*II. Coa solicitude presentada, achega informe emitido polo director xeral de Administración Local do 12 de agosto de 2015, así como informe emitido polo director xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas, copia dos DNI dos interesados e certificado de servizos prestados por don Román Otero Ferreiro no Concello de Santiago.*

**II PERMUTAS DE POSTOS DE TRABALLO**

*En aplicación da Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), o artigo 99 da vixente Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, é aplicable ás permutas que se autoricen entre funcionarios das entidades locais de Galicia, coa excepción da Policía Local, que ten regulación específica.*

*Dito artigo resulta de aplicación directa ao ter carácter de lexislación de desenvolvemento da lexislación básica estatal, en virtude do disposto no artigo 78.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Xa que logo e, para a autorización de permutas, deberán cumprirse por ambos solicitantes os requisitos seguintes:*

*a) que os postos de traballo teñan o mesmo complemento retributivo, poidan ser*

ocupados por persoal funcionario do mesmo subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto que este non teña subgrupo, corpo ou escala, e a súa forma de provisión sexa o concurso ordinario.

b) que as persoas que pretendan a permuta prestaran un mínimo de cinco anos de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira.

c) que a ningunha das persoas que pretendan a permuta lle resten menos de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa.

-As permutas de postos de traballo contempladas no artigo 99 autorizaranse polo procedemento que se estableza reglamentariamente, previo informe dos correspondentes órganos competentes en materia de persoal.

-Unha vez autorizada a permuta, o novo efectivo que se incorpora queda sometido ás seguintes condicións:

a) deberá permanecer no posto obtido por permuta un mínimo de 2 anos para poder participar nos concursos de provisión de postos de traballo.

b) no prazo de cinco anos a partir da concesión dunha permuta non se autorizará outra a ningunha das persoas interesadas.

### III.- PROCEDEMENTO:

Comprobado o expediente persoal da solicitante da permuta, dona Ángela Fernández López, obrante na Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, constan os datos seguintes:

-tipo de vínculo xurídico: funcionaria de carreira do Concello de Vigo.

-praza: técnico da Administración xeral, subgrupo A1, Escala de Administración Xeral.

-posto de traballo actual: técnica da administración xeral, adscrita provisionalmente ao Servizo de Inspección de Tributos

-nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo de procedencia: nivel 26.

- prestou un mínimo de cinco anos de servizos efectivos como funcionaria de carreira.

- fáltanlle máis de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa

Segundo certificado expedido polo Vicesecretario do Excmo. Concello de Santiago de Compostela con data 01/03/16, resultan acreditados os seguintes datos en relación a don Román Otero Ferreiro:

-tipo de vínculo xurídico: funcionario de carreira do Concello de Santiago.

-praza: técnico de Administración xeral, subgrupo A1, Escala de Administración Xeral.

-posto de traballo actual: xefe de sección do Servizo de Contratación.

-nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo de procedencia: nivel 24.

- prestou un mínimo de cinco anos de servizos efectivos como funcionario de carreira.

- fáltanlle máis de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa

#### IV.- RÉXIME COMPETENCIAL:

*De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado g) y h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.”*

3. En data 08/04/2016 emítase informe xurídico desfavorable e á solicitude formulada, pola motivación exposta no mesmo, notificándose á solicitante e ao funcionario con quen se pretendía a permuta solicitada para a formulación das alegacións que se estimasen procedentes.

4. Presentadas alegacións por D<sup>a</sup> Ángela Fernández López incorporadas ao expediente administrativo, en escrito de data 03/05/2016 (DOC. 160056003) a solicitante presenta petición de certificado acreditativo de acto presunto por silencio administrativo. Non consta a presentación de alegacións por parte de D. Román Otero Ferreiro, funcionario do Concello de Santiago de Compostela, con quen se pretendía a permuta obxecto de solicitude.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

##### I.- RÉXIME XURÍDICO DAS PERMUTAS E CONSIDERACIÓNS LEGAIS AO EFECTO

En aplicación da Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), o artigo 99 da vixente Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, é aplicable ás permutas que se autoricen entre funcionarios das entidades locais de Galicia, coa excepción da Policía Local, que ten regulación específica.

Dito artigo resulta de aplicación directa ao ter carácter de lexislación de desenvolvemento da lexislación básica estatal, en virtude do disposto no artigo 78.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Xa que logo e, para a autorización de permutas, deberán cumprirse por ambos solicitantes os requisitos seguintes:

a) mesmo complemento retributivo (nivel de Complemento de Destino) e mesmo subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que éste non teña subgrupo, corpo ou escala asignados.

b) mesma forma de provisión (concurso ordinario) na correspondente Relación de Postos de Trballo de cada organización.

c) período mínimo de cinco anos de servizos efectivos prestados como persoal funcionario de carreira, requisito que ambos deberán reunir.

d) que a ningunha das persoas que pretendan a permuta lle resten menos de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa.

-O efectivo permutante que se incorpora ao Concello de Vigo procedente doutra administración pública será adscrito ao mesmo posto de traballo ao que esté adscrito o efectivo permutante do Concello de Vigo.

-Unha vez autorizada a permuta, o novo efectivo que se incorpora queda sometido ás seguintes condicións:

a) obriga de permanencia no posto de traballo obtido por permuta un mínimo de 2 anos antes de poder concursar interna ou externamente a outro posto.

b) non resulta posible legalmente autorizar unha nova permuta ao dito funcionario no prazo de 5 anos, no caso de que a solicítase.

Debe considerarse que a figura xurídica da permuta está pensada para a permuta de postos de traballo e non para a permuta de prazas, tal e como se pretende polo persoal solicitante, e tal e como, por outra banda, resultaría ser a única opción viable no ámbito das administracións locais, toda vez que cada unha das máis de 8.000 entidades locais de España ten autonomía propia e diferenciada das restantes, nos termos do previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tendo legalmente recoñecidas as potestades públicas de autoorganización e de planificación (artigo 4); potestades que afectan á configuración legal das plantillas e da organización do persoal propio de cada entidade., ao non existir un corpo unificado de funcionarios de administración local (salvo o suposto da habilitación de carácter nacional, non aplicable ao presente caso).

Deste xeito, a autorización dunha permuta no ámbito local conleva na práctica a autorización para a alteración, consensuada e consentida polos/as solicitantes, do vínculo xurídico conformador da relación de servizo de cada efectivo coa súa Administración Pública de orixe, dado que a permuta está configurada legalmente para o interno ámbito de unha única administración pública -excepción feita de regulacións legais específicas, como resulta ser a prevista na Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación das Policía Locais de Galicia, que contempla o réxime legal das permutas entre funcionarios dos corpos de policía local- e non para a alteración da condición de funcionario/a de carreira dunha entidade local e simultánea adquisición da condición de funcionario/a de carreira doutra entidade local, que é o efecto práctico dunha permuta entre o persoal ao servizo de diferentes entidades locais.

Por tanto, e considerado o efecto práctico indicado, autorizar unha permuta como a solicitada sen cumprir os requisitos legalmente establecidos conlevaría na práctica unha vulneración dos principios constitucionais de legalidade e de interdicción da arbitrariedade (artigo 9.3 CE 1978), dado que o funcionario/a permutante procedente doutra administración ten que ingresar de maneira regular e axustada a Dereito na entidade local na cal se integra, e non incumprindo os requisitos legais ao efecto -no presente suposto, non se cumpre o requisito de "idéntico nivel de complemento retributivo" preceptuado na Lei 2/2015, do 29 de abril, tal e como xa se lles trasladou ás solicitantes en trámite de alegacións-.

Consecuencia directa do réxime legal exposto resulta ser o da ausencia de carácter imperativo para a Administración na autorización das permutas, tendo, en todo caso, un carácter potestativo na súa autorización, como así se desprende do teor do artigo 99.1,

parágrafo primeiro, da Lei 2/2015, do 29 de abril ("*Pueden autorizarse permutas de puestos de trabajo entre personal funcionario de carrera de la misma Administración pública o de entidades públicas instrumentales dependientes de esta, siempre que concurren las siguientes circunstancias .....*") de xeito tal que, aínda cumpríndose polos/as efectivos solicitantes os requisitos legalmente contemplados para a súa autorización -o cal non se da non presente expediente, como xa se expuxo- podería ser desestimada unha solicitude de permuta de forma debidamente motivada, sempre en atención a criterios obxectivos de xestión de recursos humanos, debidamente razoados e sustentados no interese xeral, como a título exemplificativo poden ser o desempeño favorable (por enriba da media) do efectivo que desexa marcharse -que pode supoñer unha merma na debida prestación do servizo público, máxime de integrarse un efectivo con menor desempeño-; un elevado grao de abstentismo laboral por parte de calquera dos efectivos permutantes, que impactaría moi negativamente na prestación do servizo da entidade de destino; ou cando o custe económico do efectivo permutante que se integra ex novo a cambio do efectivo que se marcha por concretos conceptos retributivos (antigüidade) puidese supoñer un incremento do gasto público para a entidade local que o admite na plantilla.

## II.- PROCEDIMIENTO DE AUTORIZACIÓN DAS PERMUTAS

Comprobado o expediente persoal da solicitante da permuta, dona Ángela Fernández López, obrante na Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, constan os datos seguintes:

- tipo de vínculo xurídico: funcionaria de carreira do Concello de Vigo.
- praza: técnico da Administración xeral, subgrupo A1, Escala de Administración Xeral.
- posto de traballo actual: técnica da administración xeral, adscrita provisionalmente ao Servizo de Inspección de Tributos (actualmente, no Servizo de Contratación)
- nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo de procedencia: nivel 26.

- prestou un mínimo de cinco anos de servizos efectivos como funcionaria de carreira.
- fáltanlle máis de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa

Segundo certificado expedido polo Vicesecretario do Excmo. Concello de Santiago de Compostela con data 01/03/16, resultan acreditados os seguintes datos en relación a don Román Otero Ferreiro:

- tipo de vínculo xurídico: funcionario de carreira do Concello de Santiago.
- praza: técnico de Administración xeral, subgrupo A1, Escala de Administración Xeral.
- posto de traballo actual: xefe de sección do Servizo de Contratación.
- nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo de procedencia: nivel 24.

- prestou un mínimo de cinco anos de servizos efectivos como funcionario de carreira.
- fáltanlle máis de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa.

Por tanto, non se cumpre o requisito legal de identidade de nivel de complemento retributivo, dado que un dos postos ten asignado o nivel 26 e outro o nivel 24.

## III.- SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS: ANÁLISE E CONSIDERACIÓN XURÍDICA

Con respecto ao contido das alegacións presentadas pola solicitante tras a notificación do informe xurídico desfavorable, cómpre indicar o seguinte:

a) Segundo as regras que para a interpretación das normas xurídicas contempla o artigo 3 do vixente Código Civil, as normas se interpretarán según o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e lexislativos e a realidade social do tempo en que sexan aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas. Por tanto, non sería axustado a Dereito que o espírito e finalidade da lei sexa a de que o xestor de recursos humanos efectúe unha determinación de qué constitúe “mesmo nivel de concepto retributivo”, dado que non só constituiría unha actuación arbitraria, senón que se incumpriría a vontade do lexislador de homoxeneizar e actualizar o réxime xurídico dunha figura tan singular como a da permuta, sen ter sido consciente da necesidade de ter establecido, com maior grao de concreción, un réxime específico para o persoal ao servizo das entidades locais.

No caso da cita legal do artigo 71 do RD 364/1995, do 10 de marzo, ésta considérase non aplicable ao presente suposto, xa que os principios de xerarquía normativa, de legalidade e de competencia na aplicación do Dereito implican que resulte de aplicación directa, prioritaria e preferente o previsto no artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, fronte a calquera norma de rango normativo inferior. Igual indicación efectúase con respecto á cita do artigo 62 do Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, da Lei de Funcionarios Cívís do Estado, que tanto polo seu carácter preconstitucional como pola existencia de lexislación posterior especificamente aplicable ao concreto caso pode e debe entenderse máis que superada, en atención aos esenciais principios *lex posterior derogat anterior* e *lex specialis derogat generalis* que rexen, respectivamente, a especialidade na aplicación do dereito e a aplicación das normas xurídicas no tempo.

b) Polo que respecta á conciliación e mobilidade invocadas na alegación presentada, debe indicarse que, se ben dende o ano 2007 a entrada en vigor do EBEP eliminou o deber de residencia no termo municipal no cal prestan servizos dos funcionarios ao servizo das entidades locais -deber únicamente existente á data de hoxe para o persoal dos corpos de policía local, que por desenvolvemento regulamentario non poden residir a máis de 100 km do concello no cal prestan servizos- a decisión de residir nun ou outro lugar resulta estar ubicada nun ámbito totalmente alleo á esfera pública, tendo carácter personalísimo e pertencendo á esfera privada de cada efectivo. Nunha organización das dimensións do Concello de Vigo, con casi 1500 efectivos en plantilla, non resultaría viable a análise e toma en consideración da vida persoal de cada un deles para a planificación dos recursos humanos ao seu servizo, xa que todos/as eles ou elas, en maior ou menor medida, sen dúbida teñen cadansúa situación persoal e de residencia; debendo lembrar que a decisión de optar a unha praza nunha entidade local e residir en outra entra dentro das opcións vitais de cada persoa, por completo alleas ao interese xeral, que é o que debe presidir a actuación administrativa, segundo establece o artigo 103 da Constitución de 1978.

Obxectivamente considerado o suposto concreto, non parece que a distancia xeográfica entre a cidade de Santiago de Compostela e a cidade de Vigo (90 km por autoestrada) conleve un impedimento real para a conciliación laboral e familiar, sendo moitos os efectivos do Concello de Vigo que diariamente se desplazan á cidade para o desempeño do seu postos de traballo, en ocasións dende maiores distancias e incluso dende fora da provincia; adicionalmente, debe considerarse que a existencia de infraestructuras viarias modernas e adecuadas, así como a existencia dunha rede de transporte público permanente (tren e autobuses) permite desplazarse en un tempo razoable entre ambas localidades sen ter que recurrir á utilización de vehículo particular, como así sucede nas grandes poboacións (p.e., Madrid, Barcelona, Valencia, e “municipios dormitorio” do entorno das correspondentes áreas metropolitanas).

O Concello de Vigo ten a disposición dos empregados/as públicos ao seu servizo unha serie de mecanismos de conciliación da vida laboral e familiar, aprobados por Xunta de Goberno Local en sesión de datas 15/02/2013 e 20/05/2013 no marco das "Instruccións sobre xornada e horarios de traballo e réxime de ausencias do persoal ao Servizo do Concello de Vigo" que permiten, xuntamente co marco legal vixente e aplicable ao persoal ao servizo da Administración Local en materia de permisos e licenzas, a



efectiva resolución das incidencias persoais e familiares propias dos empregados/as públicos municipais, e dos que a solicitante pode facer uso en igualdade de condicións que o restante persoal municipal.

Por tanto, e pola motivación exposta, non parece que as alegacións presentadas teñan sustento legal suficiente para poder ser estimadas nin para desvirtuar, dende unha perspectiva estrictamente xurídica, o informe xurídico desfavorable da Área de Recursos Humanos e Formación de data 08/04/2016.

#### IV.- SOBRE A SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN DE ACTO PRESUNTO E OS EFECTOS DO SILENCIO ADMINISTRATIVO

O réxime do silencio administrativo se recolle no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, que establece que:

*"1. En los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, sin perjuicio de la resolución que la Administración debe dictar en la forma prevista en el apartado 3 de este artículo, el vencimiento del plazo máximo sin haberse notificado resolución expresa legitima al interesado o interesados que hubieran deducido la solicitud para entenderla estimada por silencio administrativo, excepto en los supuestos en los que una norma con rango de ley por razones imperiosas de interés general o una norma de Derecho comunitario establezcan lo contrario.*

*Asimismo, el silencio tendrá efecto desestimatorio en los procedimientos relativos al ejercicio del derecho de petición, a que se refiere el [artículo 29 de la Constitución](#), aquellos cuya estimación tuviera como consecuencia que se transfirieran al solicitante o a terceros facultades relativas al dominio público o al servicio público, así como los procedimientos de impugnación de actos y disposiciones. No obstante, cuando el recurso de alzada se haya interpuesto contra la desestimación por silencio administrativo de una solicitud por el transcurso del plazo, se entenderá estimado el mismo si, llegado el plazo de resolución, el órgano administrativo competente no dictase resolución expresa sobre el mismo.*

*2. La estimación por silencio administrativo tiene a todos los efectos la consideración de acto administrativo finalizador del procedimiento. La desestimación por silencio administrativo tiene los solos efectos de permitir a los interesados la interposición del recurso administrativo o contencioso-administrativo que resulte procedente.*

*3. La obligación de dictar resolución expresa a que se refiere el apartado primero del artículo 42 se sujetará al siguiente régimen:*

- a) En los casos de estimación por silencio administrativo, la resolución expresa posterior a la producción del acto sólo podrá dictarse de ser confirmatoria del mismo.*
- b) En los casos de desestimación por silencio administrativo, la resolución expresa posterior al vencimiento del plazo se adoptará por la Administración sin vinculación alguna al sentido del silencio.*

*4. Los actos administrativos producidos por silencio administrativo se podrán hacer valer tanto ante la Administración como ante cualquier persona física o jurídica, pública o privada. Los mismos producen efectos desde el vencimiento del plazo máximo en el que debe dictarse y notificarse la resolución expresa sin que la misma se haya producido, y su existencia puede ser acreditada por cualquier medio de prueba admitido en Derecho, incluido el certificado acreditativo del silencio producido que pudiera solicitarse del órgano competente para resolver. Solicitado el certificado, éste deberá emitirse en el plazo máximo de quince días.”*

Neste senso, debe indicarse que, antes as posibles consecuencias potencialmente lesivas para o principio de legalidade derivadas dos efectos do silencio en caso de ter sentido positivo, o artigo 62.1, apartado f) da mesma norma establece a nulidade dos actos administrativos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiran facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

No presente caso, debe considerarse que a expedición da certificación de silencio administrativo positivo solicitada conlevaría dictar por parte desta Administración un acto nulo de pleno dereito, toda vez que se estaría recoñecendo a adquisición por silencio do dereito a permutar sen reunir os requisitos legalmente contemplados ao efecto, non tendo a autorización dunha permuta carácter obrigatorio e inexcusable para a Administración, como así sinala o artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, nin tendo carácter imperativo con respecto á eventual autorización dunha permuta, que, tal como se expuxo, ten carácter potestativo e non obrigatorio para Administración, de xeito tal que aínda cumpríndose os requisitos legais, ésta podería ser desestimada por motivos fundamentados na garantía do interese xeral.

A este respecto, e sobre os efectos do silencio administrativo en materia de persoal en supostos de ausencia de imperatividade da norma xurídica a aplicar, resulta sumamente ilustrativa a Sentenza 90/2014, do 9 de abril, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) 90/2014.

## V.- CONCLUSIONES

De conformidade co anterior, non resulta procedente a autorización da permuta solicitada, segundo os antecedentes expostos e a motivación legal indicada, toda vez que os funcionarios que instan a presente permutan non teñen o mesmo complemento retributivo, por contar con distinto nivel de complemento retributivo (nivel de complemento de destino) non procedendo a expedición de certificación de silencio administrativo positivo por ser contraria ésta ao artigo 62,1, apartado f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

## VI.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de expedición de certificación de silencio administrativo positivo formulada por D<sup>a</sup> Ángela Fernández López, con nº de persoal 82.174, funcionaria de carreira do Concello de Vigo, pola motivación exposta no informe-proposta que antecede (incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia) e ao abeiro do disposto no artigo 62,1, apartado f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude de permuta formulada por D<sup>a</sup> Ángela Fernández López, con nº de persoal 82.174, funcionaria de carreira do Concello de Vigo, en petición efectuada con data de rexistro de entrada de 18/03/2016 (documento nº 160036762) pola motivación exposta no informe-proposta que antecede (incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, e ao abeiro do disposto no artigo 62.1, apartado f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á solicitante e persoal técnico da Área de RRHH e Formación, e Xefatura da Área de Contratación, debendo incorporarse copia ao expediente persoal da solicitante."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(853).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE FEBREIRO E XUÑO-2016. EXPTE. 28432/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 29.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 5.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e*

*periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.*

*Recíbense na Área de Recursos Humanos e Formación os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de Febreiro e Xuño-2016 (Alcaldía, Policía Local, Extinción Incendios, Ospio, Seguridade e Mobilidade, Inspección Vías e Obras, Vías e Obras, Parque Central, Conserxería, Parque Móbil e Museos).*

*Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal, servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.*

*Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.*

*Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:*

*“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei vixente.”*

*Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.*

*Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.*

*Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 28432-220 e que se corresponden cos documentos sinalados anteriormente figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.*

*Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 38.243,76 €, segundo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regu-*

lador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**A C O R D O :**

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Xuño-2016	284,00	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontán Balbuena, Camilo
Policía Local	Xuño-2016	510,20	Alonso Moreira, José Luis a Vila Campos, Francisco José
Extinción de Incendios	Xuño-2016	2.330,00	De Abreu Torres, Joaquín a Villar Comesaña, José Antonio
Ospio	Febreiro-2016	64,00	De Ferro Mancho, Ángel a Romero Gil-Delgado, Loreto
Seguridade e Movilidade	Febreiro-2016	40,00	De García Alfonso, Juan Jesús a Bacelos González, José

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Inspección Vías e Obras	Febreiro-2016	32,00	De Matilde Viñas, J.Eugenio a Villar Estévez, Raimundo
Vías e Obras	Febreiro-2016	208,00	De Amoedo Cabaleiro, Jose L. a Senra Bouza, Julio
		7,00	Pérez Fenández, J. Alfonso
Parque Central	Febreiro-2016	55,00	De Alonso Alonso, Miguel Ángel a Rodríguez Leiros, Alfonso
		48,00	De Comesaña Davila, Jose A. A Troncoso Martínez, Avelino
Conserxería	Febreiro-2016	26,36	De Rodríguez Fernández, José Luis
Parque Móbil	Febreiro-2016	40,00	Alonso González, Ángel a Romero, Cobas, José Luis
Museos	Xaneiro/Febreiro-16		Vázquez Martínez, Ramón

O montante do presente expediente ascende a un total de 38.243,76 €.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(854).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVICIO DO PERSOAL MUNICIPAL (GASTOS DE LOCOMOCIÓN). EXPTE. 28499/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 29.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 8.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos, o concelleiro-delegado de Xestión municipal, e a secretaria do Goberno local, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.*

*Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Fomento, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Servizos Económicos (Inspección), Cemiterios, Museos, Educación e Normalización Lingüística..*

*En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.*

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un importe de 5.488,02 €.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétase no listado subseguinte -que comeza por D. Cobas Rey, Eugenio e que remata en Dna. Souto González, Marta Patricia.-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Mes/ período	Importe
		Cobas Rey, Eugenio	36017739-S	15467	xuño	295,45 €
		Gómez Pascual, Julio	34901122-W	11819	xuño	196,46 €
77816-250	VÍAS E OBRAS	Matilde Viñas, José Eugenio	36000551-P	11831	xuño	300,01 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36009349-C	10694	xuño	207,29 €
		Oujo Gerut, Ventura	36019537-L	17740	xuño	300,58 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	xuño	298,30 €
160042230	FOMENTO	Fernández Gallego, Consuelo	34921683-R	19278	Abril-xuño	21,66 €
13037-77	DESENVOLV. LOCAL	Francisco J. Gutiérrez Orúe	13894232R	13920	xuño	28,06 €
416-201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36022162-E	13706	xuño	317,68 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36031496-H	17822	xuño	151,62 €
		Roca Dafonte, José Manuel	32429643-B	15303	xuño	191,90 €
160070749	MOBILIDADE – SEG.	Rodríguez Caramés, José M.	35547314-D	15355	xuño	199,31 €
		Bacelos González, José	36023371-N	15480	xuño	193,04 €
	SERVIZOS ECONÓM.	Fragua Jamardo, Vicente	36036018-D	15510	Maio-xuño	507,49 €
33630-502		Fernández Pedreira, Enrique	36042726-R	11529	Maio-xuño	366,89 €
		Comesaña Rial, Manuel	36033647-F	9550	Maio-xuño	538,27 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36006131-E	9361	Maio-xuño	535,61 €
33663-502		González Campelos, Ma-	35997315-S	23656	Maio-	541,31 €

		nuel			xuño	
10876-255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36030284-W	76430	xuño	97,66 €
		Egea Torrón, Pilar	50806376-C	18543	xuño	19,38 €
160088681	MUSEOS	Rodríguez Fernández, Ja-				
		vier	34967837-V	80072	xuño	9,12 €
160105827	EDUCACIÓN	Alonso Asenjo, Beatriz	35991455-C	15651	xuño	56,22 €
	NORMAL.	Souto González, Marta			Abril-	
2079-334	LINGUIST.	Patricia	36054893-R	23840	xuño	114,71 €
					TOTAL	5.488,02 €

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 32 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" e aplicación 337.1.23020000 "Dietas do persoal" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguíntes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO:

PRIMEIRO.- "Aprobar o gasto por un importe de 5.488,02 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na Área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Cobas Rey, Eugenio e que remata en Dna. Souto González, Marta Patricia.-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.



Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Mes/ período	Importe
		Cobas Rey, Eugenio	36017739-S	15467	xuño	295,45 €
		Gómez Pascual, Julio	34901122-W	11819	xuño	196,46 €
77816-250	VÍAS E OBRAS	Matilde Viñas, José Eugenio	36000551-P	11831	xuño	300,01 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36009349-C	10694	xuño	207,29 €
		Oujo Gerut, Ventura	36019537-L	17740	xuño	300,58 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	xuño	298,30 €
160042230	FOMENTO	Fernández Gallego, Consuelo	34921683-R	19278	Abril-xuño	21,66 €
13037-77	DESENVOLV. LOCAL	Francisco J. Gutiérrez Orúe	13894232R	13920	xuño	28,06 €
416-201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36022162-E	13706	xuño	317,68 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36031496-H	17822	xuño	151,62 €
160070749	MOBILIDADE – SEG.	Roca Dafonte, José Manuel	32429643-B	15303	xuño	191,90 €
		Rodríguez Caramés, José M.	35547314-D	15355	xuño	199,31 €
		Bacelos González, José	36023371-N	15480	xuño	193,04 €
33630-502	SERVICIOS ECONÓM.	Fragua Jamardo, Vicente	36036018-D	15510	Maio-xuño	507,49 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36042726-R	11529	Maio-xuño	366,89 €
		Comesaña Rial, Manuel	36033647-F	9550	Maio-xuño	538,27 €
33663-502		Domínguez Vázquez, José M.	36006131-E	9361	Maio-xuño	535,61 €
10876-255	CEMITERIOS	González Campelos, Manuel	35997315-S	23656	xuño	541,31 €
		Rodríguez López, Adolfo	36030284-W	76430	xuño	97,66 €
160088681	MUSEOS	Egea Torrón, Pilar	50806376-C	18543	xuño	19,38 €
160105827	EDUCACIÓN NORMAL.	Rodríguez Fernández, Javier	34967837-V	80072	xuño	9,12 €
2079-334	LINGUIST.	Alonso Asenjo, Beatriz	35991455-C	15651	xuño	56,22 €
		Souto González, Marta Patricia	36054893-R	23840	Abril-xuño	114,71 €
					TOTAL	5.488,02 €

Das seguintes partidas funcionais:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras-Fomento	1.619,75 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	28,06 €
9200	Conserxería	469,30 €
1330	Mobilidade e Seguridade	584,25 €
9320	Servizos Económicos	2.489,57 €
1640	Cemiterios	97,66 €
3330	Museos	28,50 €
3230	Educación	56,22 €

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
3341	Normalización Lingüística	114,71 €
	TOTAL	5.488,02 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(855).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAS E EXTRAORDINARIOS, GRAN GALA POLICÍA LOCAL (CRISTO DE LA VICTORIA). EXPTE. 28558/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 24.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*A Policía Local remite con data 10/08/2016 a Area de Recursos Humanos e Formacion, oficio relacionando os funcionarios que con motivo dos actos conmemorativos do "Pregon do Cristo da Victoria " e "Procesion do Cristo da Victoria", prestaron servizos de Gran gala, e no que informa que dito servizo realizouse fora da xornada ordinaria de traballo e que a súa duración foi superior a 5 horas.*

*Considerando que a instrucción cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o ano 2010 vigente, establece que aboarse con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimonia ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe, unha vez actualizado o seu importe dacordo ao art 19.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016.*

- Actos de máis de 4 horas de duración: 119,77 €.
- Actos de menos de 4 horas de duración: 63,86 €.

Os funcionarios relacionados nos informes adxuntos son:

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe	Nº	Total
22250	Conde ,Vazquez , Manuel	119,77 €	2	239,54 €
21025	Gonzalez Garcia, Katia Maria	119,77 €	2	239,54 €
77044	Barciela Rivera, Manuel	119,77 €	2	239,54 €
78768	Perez Vazquez, Carlos	119,77 €	2	239,54 €
81923	Varela Vila, Javier	119,77 €	1	119,77 €
78745	Argibuyay Cusi, Diego	119,77 €	1	119,77 €
79117	Rodriguez Villar, Oscar	119,77 €	1	119,77 €
79115	Fernandez Gonzalez, David	119,77 €	1	119,77 €
78130	Sierra Castelo, Jose Manuel	119,77 €	1	119,77 €
				1.557,01 €

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**A C O R D O :**

*“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do acto conmemorativo do “Pregon do Cristo da Victoria “ e “Procesión do Cristo da Victoria”, aboarase o persoal da Policía Local que figura na relación que se achega, remitida polo Intendente da Policía Local, con data 04/08/2016 e que comenza por don Manuel Conde VAzquez e remata por don Jose Manuel Sierra Castelo, relación que de seguido se especifica, polas cantidades que corresponden a cada un deles e por un total de 1557,01 €, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-Gratificacións”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(856).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS, EXCESO XORNADA PERSOAL CEMITERIOS. XULLO 2016. EXPTE. 28557/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 24.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 04/08/2016, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e praxe da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saúdnable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Xullo-2016, así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 470 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da “actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este*

complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada”, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3.484,50 € anuais, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.

O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.

Compróbase por parte desta Área de Recursos Humanos e Formación que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.

A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc.

No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 06/07/2016 figura relación do persoal , indicando Nº de persoal, datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Xuño de 2016, debidamente asinado e conformado pola concelleira delegada da Área.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste

está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de Xullo-2016, segundo o recollido na Instrución Cuarta apartado f) sobre cadro e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 558,22 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas en concepto de gratificacións, haberán de responder a servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
------------	-----------------	---------

13758	Rosende Rios, Gumersindo Manuel	558'22 €
	IMPORTE TOTAL.....	558,22 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(857).- PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA PERSOAL ADSCRITO AO NEGOCIADO CEMITERIOS. XUÑO 2016. EXPTE: 28430/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 3.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 08/07/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Xuño-2016, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).*

*Así mesmo, no informe de data 06/07/2016 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por esta Área de Recursos Humanos e Formación, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Públi-*

ca, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais. Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade "a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar no ano 2016 sería 3'68 €/día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a "Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás noveda-

des normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de Xuño-2016 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 957,87 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo:



Nº Persoal	Apelidos e nome	Importe día	Días traba- llados	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,67	17	62,39 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,67	20	73,40 €
13600	Cabaleiro González, José	3,67	20	73,40 €
77225	Cid González, Alberto	3,67	14	51,38 €
82216	Comis González, Esteban	3,67	21	77,07 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,67	21	77,07 €
79828	Cousiño Sendin, M <sup>a</sup> Concepción	3,67	21	77,07 €
82747	Curras Villar, Manuel	3,67	9	33,03 €
78924	González Seijo, Antonio	3,67	21	77,07 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,67	21	77,07 €
76563	Pereira Fona, Juan José	3,67	19	69,73 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,67	15	55,05 €
7224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,67	21	77,07 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,67	21	77,07 €
		Importe total	280 días	1.108,34 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(858).- PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL CEMITERIOS, XULLO 2016. EXPTE: 28555/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 24.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 04/08/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Xullo-2016, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).*

*Así mesmo, no informe de data 02/08/2016 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por esta Área de Recursos Humanos e Formación, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar no ano 2016 sería 3'68 €/día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**A C O R D O :**

***Primeiro.**- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexas, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de Xullo-2016 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outor-*

gamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe de 875,84 €.

*Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

Anexo:

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importe día	Nª Dias	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,68	14	51,52 €
82013	Alonso Villar , Tomas	3,68	7	25,76 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,68	14	51,52 €
13600	Cabaleiro González, José	3,68	19	69,92 €
77225	Cid González, Alberto	3,68	14	51,52 €
82216	Comis González, Esteban	3,68	20	73,60 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,68	20	73,60 €
79828	Cousiño Sendin, Mª Concepción	3,68	13	47,84 €
82747	Curras Villar, Manuel	3,68	23	84,64 €
78924	González Seijo, Antonio	3,68	0	0,00 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,68	0	0,00 €
76563	Pereira Fona, Juan José	3,68	17	62,56 €
83425	Rey Gomez, Fernando	3,68	11	40,48 €
81317	Rodríguez Cid, Miguel Angel	3,68	11	40,48 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,68	20	73,60 €
7224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,68	13	47,84 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,68	22	80,96 €
			238	875,84 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(859).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS, POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL ADSCRITO AO NEGOCIADO DE CEMITERIOS. XUÑO 2016. EXPTE. 28429/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 3.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 08/07/2016, a xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saúdable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Xuño-2016, así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 470 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da "actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada", que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3.484,50 € anuais, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte desta Área de Recursos Humanos e Formación que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc.*

*No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 06/07/2016 figura relación do persoal, indicando Nº de persoal, datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Xuño de 2016, debidamente asinado e conformado pola concelleira delegada da Área.*

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**A C O R D O :**

“Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de Xuño-2016, segundo o recollido na Instrución Cuarta apartado f) sobre cadro e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos

mos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 558,22 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas en concepto de gratificacións, haberán de responder a servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodriguez, José Luis	558'22 €
	IMPORTE TOTAL.....	558,22 €

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(860).- PRODUTIVIDADE TRIMESTRAL DOS OFICIAIS CONDUTORES DE ALCALDÍA ( 2º TRIMESTRE 2016). EXPTE. 28424/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 19.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 19.08.16, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Antecedentes.-*

*Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de condutor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.*

*Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para percibir un complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que*

*estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requiridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.*

*O director do Gabinete da Alcaldía, a través de escrito de data 5 de xullo de 2016, solicita se lles abone un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base i) da Instrución 3ª sobre o cadro de persoal e Relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas.*

*O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 21/07/16, autorizou o referido o abono dun complemento de produtividade polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo durante o 2º trimestre-2016.*

*Fundamentos de dereito:*

*De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuílo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo corresponde a Xunta de Goberno Local.*

*A este respecto, as vixentes instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010, publicadas no BOP de data 16 de novembro seguinte, en concreto a citada instrución 3ª i), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía e Policías-seguridade da Tenencia da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Xunta de Goberno Local e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía e da Tenencia da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".*

*O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*



*A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.*

*En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considérase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.*

*Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,75 € hora normal e de 7,37 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:*

*–D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.284,96 €.*

*–D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.474,76 €.*

*O importe deste expediente ascende a un total de 4.759,72 €, e imputaríase con cargo a partida 920.0.150.00.00 -produtividade-, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de Gastos.*

*Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que estes tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, o técnico de organización e planificación que subscribe, coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como condutores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamento no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante ó 2º trimestre do presente ano 2016, de conformidade coa proposta do director do Gabinete da Alcaldía de data 5 de xullo de 2016:*

*–D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.284,96 €.*

–D. Camilo Fontán Balbuena, núm. Persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.474,76 €.

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(861).- PRODUCTIVIDADE POR UTILIZACIÓN DE MAQUINARIA PESADA, PARQUE MÓBIL, 2º TRIMESTRE 2016. EXPTE.28434/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 3.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 08/07/2016, recíbese na Área de Recursos Humanos, asinado polo xefe de Área de Servizos Xerais e o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, co visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relación de persoal do servizo do Parque Móbil que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por manexar maquinaria pesada, correspondente ao 2º trimestre de 2016.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No TREBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do*

Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira , apartado f) sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, actualmente vixente, establece que aboarse con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria dos oficiais condutores que utilicen palas sen habitualidade, por un importe de 0.74 por cada hora de conducción. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Da análise da documentación comprobouse a existencia dunha relación do persoal do servizo con indicación dos días traballados, total de horas e importes segundo o estipulado na instrución precitada así como relación da maquinaria pesada, co seu correspondente número de flota utilizada por cada un dos empregados relacionados nos días citados.

Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de maquinaria pesada polos efectivos municipais asignados á unidade , con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.

Infórmase así mesmo en escrito do Xefe da Área Servizos Xerais de data 07 de xullo de 2016 os traballos desenvolvidos pola maquinaria pesada de flota no 2º trimestre-2016.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Produtividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de maquinaria pesada, fundamentadas no informe emitido pola xefatura do servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado f) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran nas relacións adxuntas: relación do mes de abril-2016, que comeza por Alonso

González, Ángel e remata por Villaverde Villaverde, J. Manuel, por importe de 1.128,75 €, relación do mes de maio-2016, que comeza por Alonso González, Ángel e remata por Troncoso Martínez, Avelino, por importe de 1.113,00 € e relación do mes de xuño-2016, que comeza por Alonso González, Ángel e remata por Villaverde Villaverde, J. Manuel, por importe de 966,75 €, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- "Produtividade", por importe total de 3.208,50 €, cantidade correspondente a suma das relacións que se achegan correspondentes aos meses de abril, maio e xuño de 2016.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(862).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS, GRAN GALA DÍA DE GALICIA, 21 DE XULLO DE 2016. EXPTE: 28470/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 2.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*A Policía Local remite con data 27.07.2016 a esta oficina de Recursos Humanos, oficio relacionando os funcionarios que con motivo dos actos conmemorativos do "Día de Galicia", prestaron servizos de Gran gala, e no que informa que dito servizo realizouse fora da xornada ordinaria de traballo e que a súa duración foi superior a 5 horas.*

*Considerando que a instrucción cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o ano 2010 vigente, establece que aboarase con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe, unha vez*

actualizado o seu importe dacordo ao art 19.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016.

- Actos de máis de 4 horas de duración: 119,77 €.
- Actos de menos de 4 horas de duración: 63,86 €.

Os funcionarios relacionados nos informes adxuntos son:

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
16969	Fernández Sotelo, Juan Ramón	119'77 €
78283	Suárez Piñeiro, David	119'77 €
78135	Costas Pérez, Rubén Carlos	119'77 €
79115	Fernández González, David	119'77 €
	TOTAL.....	479,08 €

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto,e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**A C O R D O :**

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do acto conmemorativo do "Día de Galicia", aboarase o persoal da Policía Local que figura na relación que se achega, remitida polo Intendente da Policía Local, con data 26/07/2016 e que comenza por don Juan Ramón Fernández Sotelo e remata por don David Fernández González, relación que de seguido se especifica, polas cantidades que corresponden a cada un deles e por un total de 479,08 € (catrocentos setenta e nove euros con oito céntimos), con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-Gratificacións”.

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
16969	Fernández Sotelo, Juan Ramón	119'77 €
78283	Suárez Piñeiro, David	119'77 €
78135	Costas Pérez, Rubén Carlos	119'77 €
79115	Fernández González, David	119'77 €
	TOTAL.....	479,08 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(863).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE AO PERSOAL DO DESINFECCIÓN POLO SERVIZO DE CONTROL DE PRAGAS. XUÑO 2016. EXPTE. 28495/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 4.08.16, asinado pola técnica de

Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relacións do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Xuño-2016, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao*

mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 123,43 €/mes. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de Xuño de 2016.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites



ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, correspondente ao mes de Xuño-2016, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Produtividade”, por importe de 352,66 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO

N.P.	Apelidos e Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	105,80 €
22790	Sousa Atrio, José Manuel	123,43 €
81369	Seijas Fernández, Alberto	123,43 €
IMPORTE TOTAL.....		352,66 €

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(864).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE AS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO PARQUE MÓBIL E VÍAS E OBRAS. XUÑO 2016. EXPTE. 28428/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 4.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Recíbense no servizo de Recursos Humanos en datas 6 e 8/07/2016, asinadas polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo de Vías e Obras e servizo do Parque Móbil, adscritos as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Xuño-2016. Ditas relacións inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día), que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 5,64 €/día. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificando na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 28174/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senón que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade,*

*toxicidade e perigosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.*

*En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres considerarlos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se de esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de*

*produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras e do Parque móbil que forman parte das brigadas de pavimentación e que realizan funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**A C O R D O :**

*Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de Vías e Obras e do servizo do Parque Móbil que se relacionan nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e*

dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Produtividade”, por importe de 1.167,48 €, correspondente ao mes de Xuño-2016.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXOS:  
SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	84,60 €
81662	Barros González, Delio	95,88 €
17360	Bastos Román, Jesús	118,44 €
81015	Argibay Cusi, Borja	33,84 €
83421	Lugo Prado, Eloy	33,84 €

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
79620	Veloso Costas, Jesús	33,84 €
83420	Carrera Ferreira, José Antonio	33,84 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	112,80 €
82523	Somoza Estévez, Luis Miguel	33,84 €
80031	Tobio Villar, M <sup>a</sup> del Carmen	33,84 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	107,16 €
TOTALS.....		721,92 €
.....		

SERVIZO DO PARQUE MOBIL

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
16797	Álvarez Pérez, Jaime	22,56 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	112,80 €
80659	Carballo Magariños, Jesús	22,56 €
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	112,80 €
14953	Fernández Rodríguez, Manuel	95,88 €
16142	Martíns Fernández, Juan A.	73,32 €
13221	Prieto Domínguez, Florentino	5,64 €
TOTALS.....		445,56 €

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(865).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DE DISTINTOS SERVIZOS. XUÑO 2016. EXPTE. 28433/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 4.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Distintos servizos e unidades municipais remitiron a Área de Recursos Humanos e Formación, relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Xuño-2016, todas elas co visto e praxe dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.*

*As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), así mesmo que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 2'75 €/hora, para os traballos en horas nocturnas e 4,06 €/hora, para os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos.*

*A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :*

SERVIZO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xuño	625,24	625,24 €	37,00	101,75 €	726,99 €
Policía Local	Xuño	33576,1594	33.576,16 €	8461,34	23.268,69 €	56.844,84 €
Cemiterios	Xuño	2148,755	2.148,76 €	0,00	0,00 €	2.148,76 €
Extinción de Incendios	Xuño	9459,80	9.459,80 €	778,00	2.139,50 €	11.599,30 €
Turismo	Xuño	454,72	454,72 €	0,00	0,00 €	454,72 €
Museo	Xuño	219,24	219,24 €	0,00	0,00 €	219,24 €
IMD	Xuño	2.968,88	2.968,88 €	349,50	961,13 €	3.930,00 €
Parque Móbil	Xuño	227,36	227,36 €	192,00	528,00 €	755,36 €
Parque Central	Xuño	876,96	876,96 €	270,00	742,50 €	1.619,46 €
Cultura	Xuño	0,00	0,00 €	12,00	33,00 €	33,00 €
Limpieza	Xuño	129,92	129,92 €	141,00	387,75 €	517,67 €
<b>TOTAL</b>		<b>50.557,11</b>	<b>50.557,11</b>	<b>10.099,84</b>	<b>27.774,56</b>	<b>78.849,34</b>

*Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Número de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as suas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.*

*De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:*

*No caso dos choferes de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.*

*Proponse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.*

*Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da área.*

*Turismo.- informes de horas realizadas polo persoal do servizo de Turismo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe da xefa do servizo de Turismo, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Cultura.- informes de horas realizadas polo persoal de Cultura, por ter que asistir a actos no Auditorio os fins de semana, segundo informe do xefe do servizo de Cultura y Bibliotecas, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, no que se achéga relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Museo.- informes de horas realizadas polo persoal do Museo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe do xefe do servizo de Museos, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*IMD.- Achegase informes do director técnico do IMD, no que se xustifica o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade no desempeño das funcións do persoal do servizo municipal de Deportes.*

*Parque Móbil.- Informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.*

*Parque Central.- informes de horas realizadas polo persoal do Parque Central, horario e motivo polo que se realizaron ditas horas, asinado polo xefe do Servizo e conformado polo concelleiro-delegado de Fomento.*

*Cultura.- informes de horas realizadas polo persoal de Cultura, pola realización do seguemento da programación Vigocultura da que é responsable a funcionaria, así como asitencia a estreas, presentación e seguemento xeral, segundo informe do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, achégase relación de ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### **ACORDO:**

*“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:*



SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xuño	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	625,24 €	101,75 €	726,99 €
Policía Local	Xuño	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	33.576,16 €	23.268,69 €	56.844,84 €
Cemiterios	Xuño	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.148,76 €	0,00 €	2.148,76 €
Extinción de Incendios	Xuño	De Abreu Torres, Joaquin a Villar Comesaña, José Antonio	9.459,80 €	2.139,50 €	11.599,30 €
Turismo	Xuño	De Díaz López, Emma a Barreiro Fidalgo, Natalia	454,72 €	0,00 €	454,72 €
Museo	Xuño	Ogando López, José Manuel a Román Breijo, Manuel	219,24 €	0,00 €	219,24 €
IMD	Xuño	De Alonso Campa de la, Alberto a Viñas Hernández, Sonia	2.968,88 €	961,13 €	3.930,00 €
Parque Móbil	Xuño	De Alonso González, Ángel a Quintas Pérez, Manuel	227,36 €	528,00 €	755,36 €
Parque Central	Xuño	De Arias Rodríguez, Dámaso a Martínez Bastos, Emilio	876,96 €	742,50 €	1.619,46 €
Cultura	Xuño	De Núñez Aboy, Marta	0,00 €	33,00 €	33,00 €
Limpieza	Xuño	De Arango Fernández, Luciano a Vázquez Martínez, Benito	129,92 €	387,75 €	517,67 €
<b>TOTAL</b>			<b>50.557,11</b>	<b>27.774,56</b>	<b>78.849,34 €</b>

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de **78.849,34 €**, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(866).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE DOS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. ABRIL 2017. EXPTE: 27683/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.07.16, e o informe de fiscalización do 29.08.16, dáse conta do informe-proposta do 12.07.16, asinado polas técnicas de prevención de riscos laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal e Persoal e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- *Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia*

## ANTECEDENTES

*Primeiro.- Mediante Resolución de 22 de febreiro de 2016 o Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación de Servizo Prevención Alleo para a prestación da especialidade de Vixilancia da Saúde aos empregados e empregadas públicas municipais do concello de Vigo.*

*Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:*

- *Informe xustificativo da necesidade do contrato, de data 15 de febreiro de 2016 asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais e conformado pola xefa de área de RRHH e Formación.*
- *Resolución do Concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal de 22 de febreiro de 2016 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- *Prego de prescricións técnicas asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais do SPPRL e conformado pola xefa da área de RRHH e Formación, de data 10 de xuño de 2016.*
- *Memoria xustificativa do contrato, asinado polas técnicas de prevención de riscos laborais do SPPRL, e conformado pola Xefa do Servizo RRHH de 15 de abril de 2016.*
- *Informe sobre o tipo impositivo do IVE aplicable a este contrato, de data 13 de abril de 2016, asinado polo vogal do Tribunal Económico-Administrativo.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, de data 4 de xullo de 2016, asinado pola xefa do servizo de Contratación .*
- *Informe xurídico favorable ao expediente de contratación, de data 14 de xullo de 2016, asinado pola xefa de Asesoramento e conformado pola titular de Asesoría xurídica.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

*Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do Real decreto legislativo 3/201, iníciase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 16 de xuño de 2008 nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado da Area de Xestión Municipal en resolución de 24 de novembro de 2010 autorizou o inicio do expediente de contratación.*

*Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.3 do Real decreto legislativo 3/2011, o prego de prescricións técnicas, asinado polas Técnicas de PRL do SPPRL, conformado pola Xefa da área de RRHH e Formación, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de Contratación.*

*Terceiro.-: O procedemento elixido para a contratación é o aberto, definido como procedemento ordinario de contratación no artigo 138.2 do Real decreto legislativo 3/2011.*

*Cuarto.- : En cumprimento do disposto no artigo 113 do Real decreto legislativo 781/1986, no artigo 318.2 da Lei de Galicia 5/1997, na disposición adicional 8ª da Lei 57/2003 e na disposición adicional 2ª.8 do Real decreto legislativo 3/2011, emitiuse pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, con data 14 de abril de 2015, informe favorábel ao expediente de contratación devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares visado de conformidade.*

*Quinto.- No artigo 93-3º da LCSP se establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación o expediente.*

*Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional 2ª.3 do Real decreto legislativo 3/2011. A resolución, segundo o artigo 110.1 do Real decreto legislativo 3/2011, deberá ser motivada, aprobará o expediente de contratación, disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.*

*Sétimo: O contrato considérase como de servizos, conforme ao artigo 10 do Real decreto legislativo 3/2011.*

*A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Aprobar un gasto de 840.000,00 euros desglosado da seguinte forma: ano 2017 – 157.500 €, ano 2018 - 210.000€, ano 2019 – 210.000 €, ano 2020- 210.000 € e ano 2021 – 52.500 €, para a contratación de Servizo Prevención Alleo para a realización da Vixilancia da Saúde dos empregados e empregadas públicos municipais do Concello de Vigo, que se imputarán á partida 221.0.160.08.00, dos presupostos dos anos 2017 ao 2021.*

*2º Aprobar o expediente de contratación 27683/220 do Servizo de Prevención Alleo para a cobertura da especialidade de Vixilancia da Saúde dos empregados e empregadas públicos municipais do concello de Vigo, que contén o prego de prescricións técnicas de 10 de xuño de 2016, a memoria xustificativa de 15 de abril de 2016, e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 4 de xullo de 2016, que se inclúen no expediente.*

*3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(867).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “OTOÑO LÍRICO 2016”. EXPTE. 932/330.** Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 29.08.16, dáse conta do informe-proposta do 5.08.16 asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado de Cultura, o concelleiro de Orzamentos e Facenda, e co conforme xurídico do secretario xeral do Pleno, que di o seguinte:

*INFORME.-*

*Con data 2 de agosto pasado, a asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 4 de agosto, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do “OTOÑO LÍRICO 2016” , e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 40.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 do orzamento municipal vixente.*

*ANTECEDENTES.-*

*A asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.*

*PROGRAMA E ORZAMENTO*

*A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Teatro-Sala de concertos de Afundación, según o seguinte:*

*Domingo 9 de outubro, ás 19:30 h*

*NABUCCO*

*Teatro Afundación Vigo*

*Venres 11 de novembro, ás 20:30 h*

*PESCADORES DE PERLAS*

*Teatro Afundación Vigo*

*15, 22 e 29 de outubro e 5 de novembro*

*PROXECCIONS*

*Auditorio Municipal do Concello*

*4, 11 e 18 de outubro e 10 de novembro*

*CONFERENCIAS*

### *Sala conferencias do Centro Social Afundación*

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 94.678 € (noventa e catro mil seiscientos setenta e oito euros), financiándose coas seguintes achegas:*

- Concello de Vigo: 40.000 € (42,25 %)*
- Xunta de Galicia: 15.000 € (15,84%)*
- Banco Mediolalun: 1.500 € (1,58%)*
- Gadisa: 1.500 € (1,58%)*
- Previsión ingresos venda entradas: 36.678 € (38,75%)*

### *DOCUMENTACIÓN.-*

*Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:*

- Proxecto da actividade*
- CIF da Asociación*
- Estatutos da Asociación*
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria*
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia*
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo*
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social*
- Certificación da conta bancaria*
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*
- Declaración doutras axudas.*
- Escrito de data 4 de agosto de 2016 da asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á organización e realización do “OTOÑO LÍRICO 2016”.*

### *LEXISLACIÓN APLICABLE.-*

*A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO para a organización e realización do “OTOÑO LÍRICO 2016”, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.*

*A concesión da subvención directa á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2016, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.*

*De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.*

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

*O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.*

*O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.*

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

*A subvención do Concello de Vigo á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO ten como obxecto financiar a organización e realización do “OTOÑO LÍRICO 2016” e figura na aplicación 3340.480.00.05 do orzamento municipal vixente, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 40.000 €, a favor da devandita entidade.*

*A subvención do Concello de Vigo á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.*

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO

*A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.*

*Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte*

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 40.000€ (corenta mil euros) á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, CIF. G36622116, para o financiamento da organización e realización do "OTOÑO LÍRICO 2016", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 "CONVENIO AMIGOS DA ÓPERA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "OTOÑO LÍRICO 2016".*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(868).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PRÉSTAMO TEMPORAL DA OBRA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" DE JULIA MINGUILLÓN, EXPOSTA NA CASA GALEGA DA CULTURA, PARA EXPOSICIÓN NO MARCO DE VIGO. EXPTE. 1620/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29.08.16, asinado polo xefe do Servizo de Museos, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES.**

*Con data 10 de agosto de de 2016 o xerente da Fundación MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, por orde da dirección do MARCO, unha solicitude dirixida ao concelleiro-delegado da Área de Cultura do préstamo dunha obra de Julia Minguillón, de propiedade municipal exposta na Casa Galega da Cultura, con destino a exposición temporal "A arte inexistente?" que programa o citado centro entre o 14 de outubro de 2016 e o 16 de abril de 2017.*

*Os datos da obra que figuran na solicitude de préstamo e na ficha técnica son: "Retrato Fernández del Riego", de Julia Minguillón; óleo s/cartón, 83x69cm.*

*Os datos do catálogo publicado en 1997 ("Museo Francisco Fernández del Riego. Colección de arte galega") son: Julia Minguillón (1906-1965); "Francisco Fernández del Riego"; óleo s/papel; 80x67 cms. As medidas tomadas na sala polo encargado de instalacións son: 96,8 x 82,7 (con marco) e 81,8 x 67,8 cm (sin marco).*

*Na relación de seguro figura a obra "Retrato de Don Fco." de Minguillón Iglesias, Julia (1905-1965); óleo s/papel, valor 15.025,30 €*

Con data 25 de agosto, dende o Servizo de Museos do Concello, solicitáronse aclaracións de detalles sobre a peza á técnica municipal da Casa Galega da Cultura que, vía mail, informa que a obra é “óleo/ papel-sobre cartón” e que o resto dos datos son os do catálogo da publicación de 1977 e as medidas as proporcionadas polo encargado de instalacións culturais; engade que o estado de conservación é bo e o número informático o NM 37.

Por tanto, os datos da exposición e da obra solicitada en préstamo temporal son os seguintes:

Datos da exposición.-

- *Exposición: “A arte inexistente?”*
- *Entidade promotora e beneficiaria do préstamo: Fundación MARCO.*
- *Lugar da exposición: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, rúa Príncipe 54, 36202 Vigo.*
- *Datas da exposición: do 1 de outubro de 2016 ao 1 de maio de 2017.*

Datos do obra solicitada en préstamo.-

- *Título: “Francisco Fernández del Riego”*
- *Artista: Julia Minguillón (1906-1965)*
- *Técnica: Óleo / papel-sobre cartón.*
- *Data: non consta.*
- *Dimensións: 81,8 x 67,8 cm (sin marco); 96,8 x 82,7 cm (con marco)*
- *Valor a efecto de seguro: 15.025,30 €*
- *Localización da obra, lugar de recollida e devolución: Colección de arte galega “Francisco Fernández del Riego”. Casa Galega da Cultura. Praza da Princesa, 2. 36201 Vigo.*
- *Período do préstamo: do 1 de outubro de 2016 ao 1 de maio de 2017.*

A Fundación MARCO achega coa solicitude e o formulario de préstamo o relatorio de condicións (Facility Report) para exposicións no MARCO, no que se describen, as características do edificio, as características técnicas e de seguridade, as condicións das salas de exposicións e as características de manexo e conservación da obras.

Tamén achegan, no escrito dirixido ao concelleiro-delegado, a reseña da exposición “A arte inexistente?”, comisariada pola especialista Rosario Sarmiento Escalona.

Os detalles expostos no Facility Report acreditan que as salas reúnen as condicións adecuadas para acoller a obra solicitada en préstamo temporal e a entidade solicitante (Fundación MARCO) ten acredita a súa capacidade de xestión e programación no ámbito expositivo.

Para o Concello de Vigo tamén resulta de interese a participación de obras das súas coleccións en exposicións de centros de arte, como forma de salientar a súa importancia e de divulgar o patrimonio artístico municipal, concretamente o da colección de arte da “Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego”.

DISPOSICIÓNS LEGAIS.



*Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local  
Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*A lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, vixente dende o 16 de agosto de 2016 (que substitúe á lei 8/ 1885, do Patrimonio Cultural de Galicia) establece sistemas de protección aplicables a museos e coleccións visitables, polo que a saída de fondos destes centros conleva a autorización previa da Consellería de Cultura, ou obriga de comunicación; se estivesen declarados como bens de interese cultural ou bens catalogados. A colección de arte galega Francisco Fernández del Riego, non está en ningún destes suposto; como tampouco está incluída como “colección visitable” na correspondente relación xa que non se ten iniciado ningún procedemento para esta declaración pola Xunta de Galicia ou para a súa inclusión no catálogo do patrimonio cultural de Galicia. Por tanto o préstamo temporal da obra de Julia Minguillón non precisaría de autorización da Xunta nin obriga de comunicación do movemento.*

*Polo exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte*

#### *PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.*

*1.- “Autorizar o préstamo temporal á Fundación MARCO dunha obra das coleccións artísticas do Concello de Vigo para unha exposición temporal, de acordo cos seguintes detalles*

##### *Datos da exposición.-*

- Exposición: “A arte inexistente?”*
- Entidade promotora e beneficiaria do préstamo: Fundación MARCO.*
- Lugar da exposición: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, rúa Príncipe 54, 36202 Vigo.*
- Datas da exposición: do 1 de outubro de 2016 ao 1 de maio de 2017.*

##### *Datos do obra solicitada en préstamo.-*

- Título: “Francisco Fernández del Riego”*
- Artista: Julia Minguillón (1906-1965)*
- Técnica: Óleo / papel-sobre cartón.*
- Data: non consta.*
- Dimensións: 81,8 x 67,8 cm (sin marco); 96,8 x 82,7 cm (con marco)*
- Valor a efecto de seguro: 15.025,30 €*
- Localización da obra, lugar de recollida e devolución: Colección de arte galega “Francisco Fernández del Riego”. Casa Galega da Cultura. Praza da Princesa, 2. 36201 Vigo.*
- Período do préstamo: do 1 de outubro de 2016 ao 1 de maio de 2017.*

*2.- “O préstamo queda condicionado á aceptación escrita, por parte da Fundación MARCO, como entidade promotora da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(869).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.